



## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: "21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria"

*"Dende Caldas de Reis, destino natural, termal e turístico no Camiño Portugués, mobilizaremos ao mundo na loita contra o cambio climático e a pandemia por coronavirus, e a favor da saúde planetaria e o turismo sostible no Camiño de Santiago no marco do Xacobeo 21-22"*

# V XORNADAS INTERNACIONAIS DE MEDIO AMBIENTE & TURISMO SOSTIBLE NO CAMIÑO PORTUGUÉS-XACOBEO 21-22 LXIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Caldas de Reis (Pontevedra-Galicia), 20-21 outubro 2021

ASISTENCIA GRATUÍTA EN PERSOA OU A TRAVÉS DE INTERNET (STREAMING EN DIRECTO)





## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

### Presentación

A industrialización e a urbanización orixinaron problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. A forte conexión entre medio ambiente e saúde reconeceuse expresamente na 3.<sup>a</sup> Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Xaneiro (1992), a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002) e Río+20 (2012), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). O VIII Programa Comunitario de Acción en materia de Medio Ambiente 2020-2024 (8<sup>o</sup> PMA), ten por obxecto acelerar a transición ecolóxica dun xeito xusto e inclusivo, co obxectivo a longo prazo <<Vivir ben, respectando os límites do noso planeta>> de aquí a 2050; e servirá de guía para a elaboración e aplicación de políticas medioambientais e climáticas ata 2030”.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local (pensar globalmente, actuar localmente). Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar os concellos galegos de asumiren esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida da cidadanía, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025**, que contou cos parabéns do Dr. Agis Tsouros, coordinador no seu momento do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS, e desde o ano 2008 vén contando co valioso apoio e a participación activa da Dra. María Neira, director Department of Public Health and Environmental and Social Determinants da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira na UE, ten como obxectivos prioritarios a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, ademais de foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover contornos saudables. A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo destes 21 anos, contou coa participación de 265 concellos (257 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano, 2 madrileños e 3 portugueses), 5 entidades locais e rexionais portuguesas e **6.607** asistentes nas 63 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados, o Simposio Internacional “Medio Ambiente y Salud: nuevos retos de futuro” en colaboración coa Fundación Ramón Areces (Santiago de Compostela, 2015), e o Cumio de Expertos en Medio Ambiente & Saúde (Pontearreas, 2016). No contexto da Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, cuxo alcance é universal, a celebración do Ano Internacional do Turismo Sostible para o Desenvolvemento no 2017, contribuíu a promover un cambio nas políticas, as prácticas de empresa e o comportamento dos consumidores para conseguir un sector turístico máis sostible.

Co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais máis importantes que ten a civilización actual, organízanse as **V XORNADAS INTERNACIONAIS DE MEDIO AMBIENTE & TURISMO SOSTIBLE NO CAMIÑO PORTUGUÉS-XACOBEO 21-22 – LXIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL**, que teñen como



## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

obxectivos: analizar a orixe e a situación actual da pandemia por coronavirus e o seu impacto sanitario e social, avanzar na loita contra o cambio climático cara á saúde ambiental do planeta, e impulsar o turismo sostible no camiño portugués no marco do Xacobeo 21-22. Finalmente, cumpre resaltar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, ecoloxistas, comunicadores, así como a participación activa dos cidadáns e cidadás en prol de conseguirmos un medio ambiente máis saudable e sostible para todas e todos os galegos/as, o mellor legado para xeracións vindeiras.

**Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira**

Fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2025.

### Programa

MÉRCORES, 20 DE OUTUBRO

**16.30 h** | Presentación das xornadas, a cargo de: D.<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra), D. Manuel González Martínez (primeiro tenente de alcalde do Concello de Caldas de Reis, e deputado provincial da Deputación de Pontevedra), D. Francisco Silva Castaño (delegado de Iberdrola en Galicia), D. Francisco Peña (director das Xornadas), D. José Luis González Paz (coordinador das Xornadas).

**17.00-20.00 h** | I Mesa redonda: **“Pandemias e cambio climático: as grandes ameazas do século XXI”**

Moderador e relator: Prof. Dr. D. Francisco Peña

**“Protexer a natureza contra o risco de pandemias na era da globalización”**

Relatores:

**“Pandemia por COVID-19: novos retos sanitarios e sociais para o 21-22”**

Prof. Dr. D. Daniel López Acuña

*Exfuncionario de alto nivel da OMS (1986-2014): exdirector de Acción Sanitaria en Crise. Doutor en saúde pública. Experto en epidemioloxía e saúde pública. Profesor asociado da Escola Andaluza de Saúde Pública. Ten no seu haber numerosos artigos e libros publicados.*

**“Impacto do cambio climático: unha ameaza para a saúde planetaria no século XXI. Medidas de mitigación e adaptación”**

Prof. Dr. D. Eleuterio Martínez Alcántara

*Científico, académico, escritor, humanista, ecoloxista, bioeticista e investigador. Enxeñeiro forestal, especialista en ecoloxía tropical e xestión ambiental. Catedrático da Universidade Autónoma de Santo Domingo, Pontificia Universidade Católica Madre y Maestra, Universidade Nordestana, Universidade do Caribe. Vicepresidente da Academia de Ciencias da República Dominicana. Consultor e colaborador da FAO, PNUMA, UNICEF, INSTRAW). Asesor, conselleiro científico e colaborador permanente de varias dependencias oficiais do Congreso Nacional e do Poder executivo da República Dominicana. Ten no seu haber numerosos libros publicados sobre ecoloxía e medio ambiente, biodiversidade, áreas protexidas. Columnista de varios diarios dominicanos e director da Revista Verdor da ACRD.*



## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

### **“Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050”**

D.<sup>a</sup> María Sagrario Pérez Castellanos

*Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.*

### **“Hidróxeno verde, renovables, almacenamento, autoconsumo, aerotérmica e vehículo eléctrico para loitar contra o cambio climático”**

D. Francisco Silva Castaño

*Delegado de Iberdrola en Galicia.*

XOVES, 21 DE OUTUBRO

### **16.30-19.30 h | III Mesa redonda: “Xacobeo 21-22 e o Camiño de Santiago: Galicia como destino turístico internacional con seguridade sanitaria”**

Moderador: Dr. D. Jesús Palmou Lorenzo

*Presidente da Academia Xacobeá.*

Relatores:

#### **“Os valores espirituais como principais baluartes do Camiño de Santiago”**

Monseñor Dr. D. Julián Barrio Barrio

*Doutor en Historia da Igrexa pola Universidade Pontificia Gregoriana de Roma. Arcebispo de Santiago de Compostela.*

#### **“O Camiño de Santiago no marco do Xacobeo 21-22”**

D. Ildefonso de la Campa Montenegro

*Director de Administración e Relacións de Amigos do Camiño da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo da Vicepresidencia Primeira, Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia.*

#### **“Perspectivas de futuro do Camiño Portugués no marco do Xacobeo 21-22”**

D. Celestino Lores Rosal

*Presidente da FIACPS-Federación Internacional de Asociacións do Camiño Portugués de Santiago.*

#### **“Repercusión da sanidade vexetal na conservación do patrimonio natural do camiño portugués: posta en valor dos satélites verdes na provincia de Pontevedra”**

Dra. D.<sup>a</sup> Carmen Salinero Corral

*Doutora en Bioloxía. Xefa de Servizo da Estación Fitopatolóxica do Areeiro da Deputación de Pontevedra.*

#### **“Importancia da xestión de residuos no Camiño de Santiago cara á sostibilidade do planeta”**

D.<sup>a</sup> María Esther Campos Mosquera

*Responsable de Comunicación de Sogama.*

**19.30 h** | Peche das xornadas internacionais a cargo de D.<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia da Vicepresidencia Primeira, Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia.



## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

### Información xeral

#### OBXECTIVOS

Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana da cidadanía. Establecer un foro de debate para analizar a orixe e a situación actual da pandemia por coronavirus e o seu impacto sanitario e social, avanzar na loita contra o cambio climático cara á saúde ambiental do planeta, e impulsar o turismo sostible no camiño portugués no marco do Xacobeo 21-22, ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema.

#### DESTINATARIOS/AS

Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo. Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.

Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.

Técnicos/as de turismo, promotores de negocio, axencias de viaxes, operadores turísticos.

Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.

Axentes da conservación da natureza e medio ambiente, dos recursos hidráulicos, da riqueza cinxética, piscícola e forestal (axentes do Seprona-Garda Civil, axentes de policía autonómica, axentes de policía local, axentes forestais, axentes de gardacostas, voluntarios de protección civil, etc.).

Representantes de asociacións ecoloxistas, asociacións de montes, asociacións de consumidores, asociacións veciñais.

Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas).

#### MODALIDADE DE INSCRIPCIÓN

Opción A/ Asistencia gratuíta en persoa (prazas limitadas: 25, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición).

Opción B/ Asistencia a través de internet (por streaming en directo). Prazas ilimitadas.

**Forma de inscrición:** Cubrir o boletín de inscrición, que se enviará por correo electrónico á secretaría técnica ([info@medioambienteysalud.com](mailto:info@medioambienteysalud.com)). O prazo para formalizar a inscrición abrírase o venres día 1 de outubro, fíxándose a data límite de formalizala o martes día 19 de outubro ás 14.00 horas.



## PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

Os asistentes inscritos (A) recibirán a confirmación da Secretaría Técnica.

Os asistentes inscritos (B) recibirán un enlace (URL) para ter acceso ás xornadas en directo.

### PROTOCOLO ANTICOID-19

Os que asistan de forma presencial terán que presentar: carné de vacunación (certificado vacunal / pauta completa), ou un documento que certifica ter pasado a enfermidade ou unha proba (PCR) nas 72 horas previas. No auditorio será obrigatorio: o uso de máscara, xel hidroalcohólico e manter a distancia de seguridade.

### LUGAR DE CELEBRACIÓN, DATAS E HORARIO

**Lugar de celebración:** Auditorio municipal do Concello de Caldas de Reis (Paseo Román López, s/n.).

**Datas:** 20-21 de outubro de 2021.

**Horario:** 16.30 a 20.00 horas.

#### Comité de dirección e organización

**Director académico e científico:** Prof. Dr. D. Francisco Peña ([www.medioambienteysalud.com](http://www.medioambienteysalud.com))

#### Coordinadores:

D. Manuel González Martínez  
Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis.

D. José Luís González Paz  
Responsable do Departamento de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis.

#### Secretaría técnica (información e inscricións)



#### Secretario:

D. José Pérez Vázquez  
Graduado en Ciencias Ambientais e director de SogOS Consulting Medioambiente.

**E-mail:** [info@medioambienteysalud.com](mailto:info@medioambienteysalud.com)

**Web:** [www.medioambienteysalud.com](http://www.medioambienteysalud.com)



# PROGRAMA MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025: “21 anos de compromiso con Galicia e coa saúde planetaria”

## Sede anfitroia e organizativa



Ilmo. Concello de Caldas de Reis

## Patrocinadores



## Colaboradores

